

No salón de actos da Casa do Concello de Ames, ás 18:00 horas do día 20 de outubro de 2017, reúnense os membros da Comisión Permanente do Consello Escolar Municipal de Ames, estando presentes as seguintes persoas:

Don David Santomil Mosquera, presidente do Consello Escolar

Don Domingo Antonio Alborés Alborés, secretario do Consello Escolar

Don Víctor Santidrián Arias, vogal do Consello Escolar en representación do profesorado

Dona Beatriz López Orgales, vogal do Consello Escolar en representación das ANPAS

Don Thiago Augusto Canedo Álvarez, vogal do Consello Escolar en representación do alumnado.

ORDE DO DÍA:

1. Calendario de vindeiras xuntanzas do Pleno do Consello Escolar

a) Debate:

Decídese como un bo día da semana o xoves e barállanse como posibles datas o 2 e o 9 de novembro, entendendo pola maioría que o día 2 sería moi precipitado.

En canto ao lugar considérase axeitado o mesmo da celebración do primeiro pleno, aínda que hai unanimidade na manifestación de que, de solicitalo os/as membros do Consello, podería rotarse anualmente entre os demais centros. O vogal don Thiago Augusto Canedo Álvarez, propón coma unha opción a barallar no futuro a biblioteca do IES de Ames.

b) Acordos:

Acórdase convocar a vindeira reunión do Pleno do Consello Escolar para o vindeiro día 09-11-2017, ás 18:00 horas en primeira convocatoria e 18:30 horas en segunda, a celebrar no salón de actos do IES do Milladoiro.

2. Orde do día do vindeiro Pleno.

a) Debate:

Intervén don David Santomil Mosquera para manifestar que, por consideracións técnicas, resulta necesario modificar a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral; documento que regula todo o que se cobra polas actividades de “comedores, bos

días cole, tardes divertidas, escola de verán e programas lúdicos e de conciliación”. Di que desexa incluír na orde do día do Pleno do Consello Escolar o texto da proposta de modificación para dar conta del porque, aínda que corresponderá ao Pleno da Corporación Municipal a súa aprobación, entende que deberá pasar antes por este órgano consultivo.

Expón que a día de hoxe xa se vén cobrando por todos eses servizos e que con estas propostas de modificación, que non alteran os prezos por considerar que neste momento non corresponde incrementalos nin reducilos, o que se busca é axilizar a nivel administrativo a tramitación que vén lastrada por unha serie de condicionantes, como a realización do censo do que se vai a cobrar nos cinco primeiros días do mes para poder facelo a mes vencido; condicionantes que dificultan os traballos e fan máis lentos os procedementos, ao contar con pouco persoal administrativo para levalos a cabo. Por iso quérese intentar reducir a carga de traballo mediante a aplicación dunha serie de medidas para axilizar eses procedementos e volvelos menos dificultosos.

Un dos problemas é a aplicación das bonificacións por renda existentes (unha do 50% para rendas que están entre o 25 e o 50% do IPREM, e outra do 100% para as rendas inferiores ao 25% do IPREM). Estas bonificacións requiren que todos os meses de xaneiro se teña que facer unha segunda revisión da renda do ano inmediatamente anterior, xa que cando se presenta a inscrición previa ou a renovación da matrícula é no mes de marzo e a declaración da renda que se pode achegar é a do ano anterior ao mes de marzo. Por iso, o que se pretende é que en setembro, cando comeza realmente o servizo, se teña en consideración a renda máis actual, o que permitiría que en xaneiro non haxa que facer unha segunda revisión das bonificacións. Deste xeito o 1 de setembro poderemos establecer unha cota fixa, incorporando as bonificacións á propia táboa de prezos públicos, de maneira que os/as técnicos/as non teñan que andar a facer unha dobre revisión e que os/as usuarios/as non teñan unha dobre revisión de prezos e unha aplicación de bonificacións con carácter retroactivo.

Para iso propóñense as seguintes modificacións:

1º. A actualización das táboas de cotas tributarias existentes, sen modificación dos prezos públicos, coa integración dos tramos correspondentes á bonificación total e á bonificación do 50%. Os casos de emerxencia social teñen unha modificación total prevista xa na ordenanza fiscal, é dicir, os que teñen un informe dos servizos sociais entran directos xa que teñen unha porcentaxe de prazas reservada, e aquelas familias de “especial consideración” estarán suxeitas ao establecido na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia cunha bonificación do 20% e aquelas de “categoría especial” do 50%.

2º. Que a determinación da capacidade económica da unidade familiar do usuario se efectúe en base aos datos do exercicio fiscal máis recente que estea en disposición de ofrecer a AEAT á data de inicio da prestación do servizo, coa finalidade de ter unha aproximación o máis real posible á capacidade económica das familias que permita establecer unha mesma cota durante a totalidade do curso académico, desde o 1 de setembro até o 31 de agosto do ano seguinte.

3º. Dada a situación política que existía no ano 2012 no Concello, non houbo un acordo para integrar modificacións necesarias para actualizar a ordenanza fiscal. Por iso, esas modificacións fixéronse directamente por decreto da Alcaldía, algo que nin é habitual nin correcto. De feito hai dous decretos que regulan o funcionamento dos servizos a nivel fiscal, o Decreto 698/2013 e o Decreto 356/2014. O que se propón e incorporar o seu contido á ordenanza fiscal, sen ningún tipo de modificación, e que quedarían derogados nunha disposición derogatoria.

Intervén a continuación dona Beatriz López Orgales, para dicir que nas reunións que tivo coa representación das ANPAS, trasladáronse asuntos como os problemas de prazas nos comedores, prazas no transporte escolar e mesmo prazas de dispoñibilidade nalgún centro como Ventín, así como coñecer o estado das obras anunciadas e de solucións a problemas de transporte ou de creación dunha segunda liña no colexio de Barouta. Por iso demanda unha fórmula para incluír ese tipo de demandas na orde do día do Pleno.

Por parte da Presidencia indícase que se poderían incorporar esas cuestións no apartado de rogos e preguntas, tendo en conta que son demandas que deben tratarse no Consello Escolar, pero que a solución ou a súa resposta correspondería á Xunta de Galicia; debendo recollerse en acta, tanto se se presentan por escrito como se o fan como propostas realizadas na sesión, para canalizalas desde o Consello cara á Xunta de Galicia.

Nese sentido dona Beatriz López indica que recomendará á representación das ANPAS que se presenten por escrito como se fixo con anterioridade.

Don Víctor Santidrián Arias, expón que, á marxe das cuestións que se presenten no apartado de rogos e preguntas, considera que tras a lectura da acta da sesión anterior e dos acordos adoptados, parece conveniente incluír na orde do día un punto no que a representación do Concello dea conta das actuacións que quedaron pendentes e que se quedou en que fosen canalizadas polo Concello, indicando se houbo resposta da Xunta aos escritos presentados polas ANPAS, ao escrito de solicitude de compromiso sobre

recalificación de parcelas e do problema do colexio de Barouta; así como dos trámites realizados, das solicitudes de acordos, dos informes sobre plans de actuacións, etc

Engade don David Santomil que hai que incluír, ademais do punto de aprobación de actas, un punto de creación de comisión de traballo para seguimento de actuacións, da que se falou na sesión anterior. Unha comisión que deberá facer un seguimento para saber en que fase está cada unha delas e crear un calendario específico, co fin de dar conta dos avances realizados.

b) Acordos:

Acórdase incluír os seguintes puntos na orde do día do vindeiro pleno do Consello Escolar Municipal:

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Dar conta dos trámites realizados en relación cos asuntos tratados no anterior Pleno do Consello Escolar.
3. Proposta da creación dunha comisión de traballo de seguimento de actuacións do Concello e da Xunta de Galicia para a posta a disposición e cesión de parcelas destinadas a equipamentos educativos, inicio de expediente de expropiación de parcelas e demais actuacións.
4. Información do Concello sobre a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral.
5. Rogos e preguntas.

3. Rogos e preguntas

a) Debate:

Intervén dona Beatriz López para indicar que é posible que no momento de facer a convocatoria se atope a problemática de que os datos dos/as representantes das ANPAS non estean actualizados, por terse cambiado as directivas.

Domingo Alborés informa que existe un rexistro municipal de asociacións co que pode cotexar datos, pero que, aínda que é obriga das ANPAS notificarlle os cambios de directiva, moitas veces tampouco está actualizado.

Tanto por parte de don Víctor Santidrián como de dona Beatriz López, maniféstase a vontade de colaborar co Concello na depuración deses datos, contactando coas ANPAS para trasladarlle a necesidade de actualizalos.

b) Acordo:

Acórdase que, desde o Departamento de Cultura se envíe un correo cos datos que

constan no rexistro sobre directivas de ANPAS, tanto ao vogal representante dos centros como á representante das ANPAS, para que poidan canalizar a solicitude de actualización dos mesmos ás actuais directivas.

E, non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente deu por rematado o acto, levantando a sesión ás 18:50 horas do día 20 de outubro de 2017.